

Prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras

METODOLOXÍA

1. Obxectivos e utilidades

O proxecto de seguimento de prezos agrarios iniciouse en 1992 apoiados nun Convenio de colaboración que foi firmado pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes (actualmente Consellería do Medio Rural) e o Instituto Galego de Estatística (IGE), coa finalidade de homoxeneizar os instrumentos estatísticos e así evitar a duplicación na recollida de datos. O **obxectivo** do proxecto é, en síntese, coñecer os prezos que perciben os gandeiros polos bens que producen e os que pagan polos inputs empregados.

Entre os distintos produtos analizados destacan, pola súa importancia económica, os obtidos e os utilizados polas explotacións de vacún e , en particular, a leite, que por si soa aporta aproximadamente un 28,7% á produción final agraria de Galicia. Este factor, unido ás especiais características que conforman as relacións interprofesionais do subsector leiteiro, foi decisivo para establecer as prioridades e os calendarios de execución do proxecto.

2. Ámbito de investigación

Ámbito poboacional

O marco da poboación obxecto de estudo é , pois, o conxunto de explotacións gandeiras con cando menos unha vaca de aptitude leiteira incluídas no Directorio da Campaña de Saneamento Gandeiro.

Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico abarca todo o territorio galego.

Ámbito temporal

O ámbito temporal é mensual.

Período de referencia

O período de referencia dos resultados é o mes natural, xa que a periodicidade da enquisa é mensual. Os datos publícanse con dous meses de atraso con respecto ao mes de referencia xa que os recibos de liquidación das empresas pola compra do leite chegan dentro dese intervalo de tempo.

3. Deseño da mostra

Tipo de mostraxe

A modo de resumen sinalar que para a estimación do prezo do leite utilízase unha mostraxe unietápica estratificada, con unha mostra panel fixa para tódolos meses, onde os estratos determínanse polo cruce das variables provincia e cotas de entregas de leite á industria. A distribución da mostra por estratos é proporcional ao tamaño de cada estrato e a súa variabilidade, é dicir, repártese mediante o criterio de afixación óptima ou de Neyman. A cada provincia asígnaselle un tamaño mostral en función da súa participación no total de Galicia en canto a número de explotacións e en función das cotas lácteas.

A estratificación distingue entre leite sen refrixerar englobado nun único estrato e para o total da Comunidade e o leite refrixerado agrupado en 5 estratos, medidos en euros/100 litros sen IVE, por provincias e desagregados na súas compoñentes máis significativas: prezo base e primas por comisión, calidade e complementarias.

LQ: Leite sen refrixerar (quente)

F1: Menos de 2 000 litros /mes

F2: De 2 000 a 3 499 litros /mes

F3: De 3 500 a 5 999 litros /mes

F4: De 6 000 a 9 999 litros /mes

F5: De 10 000 ou máis litros /mes

Para o ano 2005 o estrato de leite sen refrixerar desaparece, xa que non se pode recoller leite que non estea nun tanque de frío.

Debido aos cambios na estrutura das explotacións leiteiras, cada vez son menos pero de maior tamaño, así pasamos das 74 052 explotacións de 1992 as actuais 17 032, polo que se establece unha nova estrutura de 3 estratos:

F1: Menos de 6 000 litros /mes

F2: De 6 000 a 9 999 litros /mes

F3: De 10 000 ou mais litros /mes

Tamaño da mostra

Dende 1 997 e ata 2 004 a mostra contaba con 1 108 explotacións, no 2 005 e debido a redución da poboación, a mostra pasou a 821 explotacións.: 339 en A Coruña, 358 en Lugo, 39 en Ourense e 85 en Pontevedra.

Para o 2 006 as estimacións dos prezos realízanse só para o total de Galicia, polo que a mostra volve ser reducida a 385 explotacións.

Selección da mostra

A selección da mostra dentro de cada estrato realizouse mediante a aplicación dunha mostraxe sistemática con arranque aleatorio.

4. Recollida da información

Método de recollida

A información recollese mediante visitas dos axentes entrevistadores nos domicilios dos titulares das explotacións e tomando datos dos recibos de liquidación (mediante algún medio de reprodución directo) que lles entregan as industrias lácteas, así como dos prezos dos inputs utilizados nas explotacións e das vendas de gando.

Este sistema de recollida aconsella manter a mostra no tempo, substituíndo soamente as explotacións por cese na actividade, negativa ou constatación de que o cansazo no subministro mensual de información podería estar causando perda de calidade na mesma.

Os prezos medios do leite en cada estrato calcúlanse:

$$P_h = \frac{\sum_{n_h} P_i Q_i}{\sum_{n_h} Q_i} = \frac{\sum_{n_h} V_i}{\sum_{n_h} Q_i}$$

onde:

n_h = nº de explotacións investigadas no estrato h

Q_i = cantidade vendida pola explotación i do estrato h

P_i = prezo pagado por litro de leite á explotación i do estrato h

Os prezos medios provinciais estímense como medias ponderadas dos de cada estrato, utilizando como ponderacións os resultados sobre vendas de leite que se derivan da enquisa de bovino.

Estes estimadores de razón presentan unha boa precisión, os cálculos de erros de mostraxe conclúen que o prezo medio pagado por litro en Galicia vense estimando cun erro non superior a 0.001 céntimo de euro, o que representa menos do 1% da variable investigada.

Aproveitando a infraestrutura desta actividade, recóllese tamén información sobre prezos pagados polos gandeiros polos medios de produción utilizados (sementes, abonos minerais, pensos e outros alimentos para o gando, tratamentos zosanitarios e outros gastos) e percibidos pola venda de animais. Para a elaboración destes prezos agrúpanse as explotacións segundo o seu número de efectivos en sete estratos e utilízanse estimadores de expansión distinguindo tres supostos:

- Medios de produción específicos das explotacións de leite: ponderación en base ao rabaño leiteiro
- Medios de produción propios das explotacións de leite, pero tamén doutras explotacións: ponderación base o rabaño de vacún.
- Gando e outros medios de produción: sen ponderación específica por consideralos independentes do tamaño da explotación.

Tamén se recollen no cuestionario datos sobre o gasto en carburantes, reparación de maquinaria e conservación de edificios, que se utiliza na elaboración das contas económicas do sector.

Dado o universo da enquisa, hai que ter en conta que estes resultados non se poden extrapolar ao total da poboación agrícola, xa que quedan fora do ámbito da investigación os datos correspondentes ás explotacións especializadas noutras orientacións produtivas.

5. Presentación de resultados

Para prezos do leite os datos se publican mensualmente e por provincias, obtendo un prezo medio para cada estrato e un prezo medio total, ademais desagregase o prezo total en prezo base e total primas pagadas ou descontadas pola calidade do leite (materia graxa, proteica, bacterioloxía e outras primas).

No apartado de prezos agrarios aparecen os prezos medios mensuais dos medios de produción utilizados nas explotacións de leite e os de vendas de gando.

Cambios metodolóxicos dos “Prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras” no 2006

Neste ano o paso máis importante foi a redución da información facilitada. Só se publica prezos de leite mensuais para o total de Galicia dividido en 3 estratos. Desaparece a información dos prezos agrarios xa que esta é facilitada pola Consellería do Medio Rural e para o total da agricultura, non só para as explotacións de leite.